

Relaciona.

- O vento ☐
- As precipitacións ☐
- A temperatura ☐
- A presión atmosférica ☐
- O relevo ☐
- A influencia do mar ☐
- A humidade do aire ☐
- A latitude ☐
- A altitude ☐

☒ Elementos do clima

☐ Factores do clima

Fenómeno meteorolóxico

Selecciona a resposta que consideras correcta.

Que é un fenómeno meteorolóxico?

Sucesos que acontecen na estratosfera, como as estrelas fugaces

Sucesos extraordinarios e moi violentos que acontecen na atmosfera

Sucesos que acontecen na troposfera relacionados cos cambios de temperatura, humidade e presión da atmosfera

Completa o texto escribindo as palabras que faltan nos espazos baleiros.

O aire está composto por un 21 % de , un 78 % de e un 1 % de doutros gases, como dióxido de , de auga e outros.

Sinala as afirmacións verdadeiras.

Nos lugares nos que o sol quenta moito, o lóxico é aproveitar a enerxía solar.

Nos lugares nos que chove pouco é frecuente que as casas teñan azotea en lugar de tellado.

Nos lugares en que sopra o vento é lóxico instalar un muíño para aproveitar esa enerxía.

En lugares nos que vai moita calor en verán e o sol quenta moito, as rúas adoitan ser estreitas para dar sombra aos viandantes.

Nas estradas de montaña é doado encontrar en inverno máquinas quitaneve.

En lugares onde as temperaturas son altas todo o ano e apenas hai precipitacións abundan as tendas de aluguer de esquís.

Os tellados das casas dos lugares nos que chove moito adoitan ser inclinados para que a auga esvare.

Relaciona cada palabra co seu significado.

Cambio climático



O aumento de temperatura experimentado pola atmosfera e os océanos.

Efecto invernadoiro



O feito de que a enerxía reflectida pola Terra, despois de ser quentada polo Sol, quede retida na atmosfera pola acumulación de determinados gases que impiden que sexa emitida cara ao espazo exterior.

Quentamento global



A variación do clima da Terra. Pode suceder por causas naturais ou pola acción humana.

Elixex, en cada caso, a opción correcta.

En inverno, a temperatura é máis alta

nunha zona de interior.

nunha zona de costa.

Isto é así a causa

da influencia do mar, que suaviza as temperaturas.

da influencia da latitude que suaviza as temperaturas.

Relaciona cada termo coa súa definición.

Meteoroloxía

☐

☐ Gráfico que representa as temperaturas e as precipitacións nun lugar ao longo dun ano.

Climograma

☐

☐ Diferenza entre a temperatura media do mes máis cálido e a do mes máis frío.

Amplitude térmica

☐

☐ Sequidade, falta de humidade.

Aridez

☐

☐ Ciencia que estuda os fenómenos atmosféricos, as propiedades da atmosfera, e en especial a súa relación co tempo atmosférico e a superficie da terra e os mares.

Completa as frases cunha das dúas palabras posibles.

A medida que ascendemos unha montaña a presión atmosférica é .

Canto maior é a temperatura atmosférica é a humidade do aire.

As temperaturas son máis canto máis afastados esteamos do ecuador.

A dirección do vento indícaa .

O é o estado da atmosfera dun lugar nun momento dado ou período curto de tempo.